



RESOLUCIÓN ADXUDICACIÓN

Expediente: AB-FUS1-14-005
Procedemento de adxudicación: Aberto
Tramitación: Ordinario
Obxecto: Servizo de transporte sanitario urxente terrestre
Importe: 121.652.000,00 € (IVE exento)

VISTO

1º.- O expediente instruído para a citada contratación, como órgano de contratación, en virtude das facultades conferidas nos seus estatutos, aprobados e recollidos no Anexo do Decreto 276/2001, de 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e de conformidade coa autorización outorgada polo Padroado da Fundación na súa sesión de data 18 de xuño de 2014.

2º.- Visto o informe técnico, a proposta da mesa de contratación, a documentación presentada polos licitadores que presentaron a oferta economicamente máis vantaxosa, a proba da efectiva disposición de medios que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato e de conformidade coa decisión adoptada por unanimidade en la sesión do Padroado da Fundación na súa sesión de data 30 de xuño de 2015.

RESOLVO

1º.- Adxudicar o contrato que se referencia ás seguintes empresas

Lote	Empresa adxudicataria	CIF	Importe
1. Área de transporte sanitario urxente de A Coruña	Servicios Auxiliares Sanitarios de Urgencia, SL	B28915551	11.983.000,00 €
2. Área de transporte sanitario urxente de Baixo Miño	Ambuibérica, SL	B47484530	10.973.943,00 €
3. Área de transporte sanitario urxente de Barbanza-Muros	Ambupadrón, UTE	U70458245	7.752.000,00 €



Lote	Empresa adxudicataria	CIF	Importe
4. Área de transporte sanitario urgente de Bergantiños- Costa da Morte	Ambuibérica, SL	B47484530	6.052.679,00 €
5. Área de transporte sanitario urgente de Caldelas - Limia	Ambulancias do Carme, SL	B32283806	3.995.425,00 €
7. Área de transporte sanitario urgente de Lugo	Luis Iglesias Carreira, SL y otros, UTE	U27467372	13.618.303,00 €
8. Área de transporte sanitario urgente da Mariña Lucense	Ambulancias Burela, SL	B27141902	5.602.000,00 €
9. Área de transporte sanitario urgente de Ourense	Ambulancias As Burgas, SL	B32276545	7.565.712,00 €
10. Área de transporte sanitario urgente de Pontevedra	Ambulancias Pontevedra, SL	B36497386	5.286.599,00 €
12. Área de transporte sanitario urgente de Santiago	Ambulancias Casablanca, UTE	U70458237	9.084.239,00 €
13. Área de transporte sanitario urgente de Verín-Valdeorras-Lemos	UTE Sil Transporte Urgente	U32463168	7.750.656,00 €
14. Área de transporte sanitario urgente de Vigo	Ambuibérica, SL	B47484530	8.849.571,00 €



2º.- Que o contido da presente resolución se notifique aos participantes no procedemento e se publique, xunto aos informes técnicos de avaliación de ofertas, no perfil do contratante e, se procede, nos correspondentes diarios oficiais.

3º.- De acordo co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

Contra esta resolución, que agota a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente o recurso especial en materia de contratación ao que se refire o artigo 40 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no prazo de quince días hábiles que se contarán a partir do día seguinte a aquel en que se remita a notificación da resolución.

En todo caso, o escrito de interposición do recurso presentarase necesariamente no rexistro do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Avenida General Perón, nº 38, 28071 Madrid; <http://tribunalcontratos.gob.es>) ou no rexistro da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (Praza Martín Herrera, nº2, 2º, 15706 Santiago de Compostela) e ao mesmo achegarase a documentación que establece o artigo 44.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Con carácter previo, de acordo co artigo 44.1 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá anunciarse a interposición deste recurso mediante un escrito que se presentará ante a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, no prazo previsto no apartado anterior para interpoñer o recurso e no que deberá especificarse o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo.

En caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se reciba esta notificación, de conformidade co artigo 46 da referida Lei 29/1998.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2015

O director da Fundación Pública Urxencias
Sanitarias de Galicia-061

José Antonio Iglesias Vázquez

